

DECRETO NÚMERO 17010003 DO 13/11/2017

Ilma. Sra. Dª. Rosana Rielo Rozas, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía do Excmo. Concello de Lugo,

Examinado o expediente relativo a : APROBACIÓN E ABOAMENTO DO GASTO CORRESPONDENTE AOS PREMIOS CONVOCADOS PARA O V CONCURSO FOTOGRÁFICO CEMITERIO DE SAN FROILAN “ESTAMPAS DE PAZ E ACOUGO”, e vistos:

1.- Decreto número 17008929 do 16 de outubro de 2017, polo que se convoca o V Concurso Fotográfico Cemiterio de San Froilán: “Estampas de Paz e Acougo”.

2.- Acta dos membros que integran o Xurado calificador do concurso de continua referencia, con data 6 de novembro de 2017, no que acordan, por unanimidade, o seguinte fallo:

Primeiro premio

Título: “PAZ, ANXO DA GARDA NA NOITE MÁIS OSCURA DE TÓDOLOS TEMPOS”

Autor: José Marcos López Álvarez

Segundo premio

Título: “BÁGOAS”

Autor: Iván Mouronte Barreiro

Terceiro premio

Título: “O GUARDIÁN DO CEMITERIO”

Autor: Tania Penoucos Blanco

3.- Certificado da Intervención municipal con data 13 de outubro de 2017 acreditativo da existencia de consignación na partida 16400.48100 do vixente Orzamento municipal.

En uso das atribucións que lle confire á Alcaldía o artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e en virtude do disposto no decreto de delegacións 15010037 do 7 de decembro de dous mil quince,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- A aprobación da autorización e disposición do gasto de 800 euros, correspondente aos premios do V Concurso Fotográfico Cemiterio de San Froilán: “Estampas de Paz e Acougo”, con cargo á partida 16400.48100 do vixente Orzamento municipal e segundo o seguinte detalle:

- A don José Marcos López Álvarez co DNI 33.333.888-B e enderezo na rúa Camiño Real, 45- 5º D (Lugo), a cantidade de 500,00 euros mediante transferencia á conta ES14 2080 0152 6530 4006 8750 (A BANCA).
- A don Iván Mouronte Barreiro co DNI 33.546.170-A e enderezo en Avda. das Américas, 103- 3º D (Lugo) a cantidade de 200,00 euros mediante transferencia á conta ES90 0238 8153 8006 0008 1615 (BANCO PASTOR).
- A dona Tania Penoucos Blanco co DNI 33.347.113-B e enderezo na Ronda das Fontiñas, 212- 2º C (Lugo), a cantidade de 100,00 euros mediante transferencia á conta ES11 0182 0625 8102 0167 8012 (BBVA).

SEGUNDO.- A aprobación do recoñecemento e liquidación da obriga correspondente ao gasto autorizado e comprometido no parágrafo anterior.

TERCEIRO.- A aprobación da ordenación do pago da obriga recoñecida correspondente os premios anteriormente sinalados.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal para os efectos oportunos, coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

- Recurso contencioso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.

Cúmprase.